

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproban as listas definitivas para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2024/25 correspondente ao corpo de mestres

A Resolución do 2 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (DOG n.º89, do 10 de maio), establece, no seu apartado cuarto, a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de mestres, convocados pola Orde do 31 de xaneiro de 2024 (DOG n.º32, do 14 de febreiro), procede actualizar a lista de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades de Educación infantil (597031), Lingua estranxeira-inglés (597032), Lingua estranxeira francés (597033), Educación física (597034), Música (597035), Pedagogía terapéutica (597036), Audición e linguaxe (597037) e Educación Primaria (597038) nos termos que establece a base vixésimo quinta da citada convocatoria.

Mediante Resolución do 26 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobáronse as listas provisorias para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2024/25 correspondentes ao corpo de mestres, agás Orientación.

Logo de analizadas as alegacións formuladas ás listas provisorias e á relación provisional de persoas excluídas, e con base no que establece o apartado cuarto do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 e a base vixésimo quinta da citada Orde do 31 de xaneiro de 2024,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar e publicar, na páxina web www.edu.xunta.gal/substitutoslistas, as listas definitivas para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2024/25 correspondente ao corpo de mestres, agás Orientación (597039), das persoas con dereito a incorporación ás correspondentes listas.

Segundo. Aprobar e publicar no portal de Internet desta consellería, www.edu.xunta.gal, no Anexo I a relación definitiva de persoas excluídas das listas correspondentes ás especialidades de Educación infantil (597031), Lingua estranxeira-inglés (597032), Lingua estranxeira francés (597033), Educación física (597034), Música (597035), Pedagogía terapéutica (597036), Audición e linguaxe (597037) e Educación Primaria (597038) do corpo de mestres, polas causas que en cada caso se indica.



Terceiro. Coa aprobación e publicación das listas definitivas de persoas admitidas e da relación definitiva de persoas excluídas enténdense resoltas as alegacións formuladas contra as listas provisionais e contra a relación provisional de persoas excluídas.

Cuarto. Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), un recurso potestativo de reposición, utilizando o procedemento ED001A, no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, <https://www.edu.xunta.gal>, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, dacordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

